



A VIII edición do Certame Micro-Escenas M² do FIOT xa ten finalistas

O Festival Internacional Outono de Teatro de Carballo da a coñecer os espectáculos experimentais de pequeno formato seleccionados polo xurado como finalistas do Certame Micro-Escenas M², que poderán verse este outubro na 33ª edición do FIOT

Entre as 44 propostas recibidas, as 6 pezas seleccionadas son: *Respira*, de Sempre Arriba; *Cronopios a escena*, de Carmen Domech; *Rebel Rebe*, de Vórtice Escénico; *Wasteland*, de Vaiembora; *Teño un caravel no peito*, de Aviva-lo; e *Panos de Vinaghre*, de Artesa Cía.

O Certame Micro-Escenas M² é unha iniciativa de teatro de proximidade, a primeira creada en Galicia, que busca visualizar novos formatos e experiencias escénicas, así como apoiar a compañías e creadores emerxentes

As propostas finalistas poderán verse en espazos non convencionais e singulares de Carballo durante as fines de semana do #FIOT33: un centro de psicoloxía, un espazo cultural, una tenda de roupa, a Fonte da Cristina, un estudo de deseño gráfico e o Mercado Municipal da localidade bergantiñá

Estas pezas finalistas do VIII Certame Micro-Escenas M² recibirán unha compensación económica de 450 euros, ademais de optar, durante a celebración do FIOT, aos galardóns de Mellor Espectáculo e Mellor Interpretación, recoñecementos que outorgará o público fioteiro finalizado o evento e que suporán outro premio de 150 euros en cada caso

Carballo, 9 de agosto de 2024.- A VIII edición do **Certame Micro-Escenas M²** do **FIOT** ten xa finalistas. O Festival Internacional Outono de Teatro de Carballo deu hoxe a coñecer os nomes dos espectáculos experimentais de pequeno formato que foron seleccionados polo seu xurado de profesionais das artes escénicas como finalistas do Certame Micro-Escenas M², que poderán verse este outubro durante a celebración da 33ª edición do FIOT.

Entre as 44 propostas recibidas, as 6 pezas seleccionadas (das cales, 4 serán estreos absolutas) son: *Respira*, de **Sempre Arriba**; *Cronopios a escena*, de **Carmen Domech**; *Rebel Rebe*, de **Vórtice Escénico**; *Wasteland*, de **Vaiembora**; *Teño un caravel no peito*, de **Aviva-lo**; e *Panos de Vinaghre*, de **Artesa Cía**.

O **Certame Micro-Escenas M²** é unha iniciativa de teatro de proximidade, primeira creada en Galicia, que busca visualizar novos formatos e experiencias escénicas, así como apoiar a compañías e creadores emerxentes. As propostas finalistas neste 2024 poderán verse en **espazos non convencionais e singulares de Carballo** durante as fines de semana do #FIOT33: no gabinete Orixe Centro de Psicoloxía, no espazo cultural Espiral Maior Foro, na tenda de roupa Akira, na Fonte da Cristina, no estudo de deseño gráfico Ouvea Creatividade Gráfica e no Mercado Municipal.



Estas pezas finalistas do VIII Certame Micro-Escenas M² recibirán unha compensación económica de 450 euros, ademais de optar, durante a celebración do FIOT, aos **galardóns de Mellor Espectáculo e Mellor Interpretación**, recoñecementos que outorgará o público fioteiro finalizado o evento e que suporán outro premio de 150 euros en cada caso.

CALENDARIO REPRESENTACIÓNS VIII CERTAME MICRO-ESCENAS M² NO #FIOT33

Sábado 12 de outubro

Ás 12.00 h, 13.00 h, 18.00 h e 19.00 h

SEMPRE ARRIBA

Respira

Lugar: Orixe Centro de Psicoloxía (Gran Vía, 52)

ESTREA ABSOLUTA

CARMEN DOMECH

Cronopios a escena

Lugar: Espazo cultural Espiral Maior Foro (Rúa do Sol, 34)

Sábado 19 de outubro

Ás 12.00 h, 13.00 h, 18.00 h e 19.00 h

VÓRTICE ESCÉNICO

Rebel Rebe

Lugar: Tenda de roupa Akira (Ponte, 6)

ESTREA ABSOLUTA

AVIVA-LO

Teño un caravel no peito

Lugar: Fonte da Cristina

ESTREA ABSOLUTA

Sábado 26 de outubro

Ás 12.00 h, 13.00 h, 18.00 h e 19.00 h

VAIEMBORA

Wasteland

Lugar: Ouvea Creatividade Gráfica (Gran Vía, s/n)

ESTREA ABSOLUTA

ARTESA CÍA.

Panos de Vinaghre

Lugar: Mercado Municipal (Rúa Cervantes, s/n)



UN CERTAME PIONEIRO EN GALICIA

O **Certame Micro-Escenas M²** unha das súas principais liñas de programación do FIOT, que ofrece ao público a posibilidade de gozar de creacións escénicas experimentais en espazos non teatrais e singulares da localidade. Trátase do primeiro certame de microteatro que se realiza en Galicia, nacido ao abeiro do FIOT a pasada década como unha proposta específica de **apoio á creación escénica de novos formatos e de compañías ou creadoras e creadores emerxentes**.

As e os artistas son quen de xerar, no marco dun gran festival, **novas experiencias teatrais, de pequeno formato, en contextos non habituais para a representación escénica**, que contextualizan e serven de escenografía natural da obra, nos que un número moi limitado de asistentes se sitúa a curta distancia dos intérpretes. Así, á vez que difunde e visualiza o traballo das creadoras, Metro Cadrado ofrece cada ano ao público da comarca unha nova experiencia escénica, diferente ás habituais nos recintos: **sen barreiras, sen artificios e desde a proximidade**, que posibilita a captación de novos públicos e a implica á veciñanza en proxectos escénicos.

O pasado mes de maio, o FIOT abriu a inscrición da oitava edición do certame, convidando ás compañías e artistas emerxentes **a crear ou deseñar un espectáculo** (de teatro físico, música, clown, performance, danza, manipulación de obxectos...) **de entre 10 e 20 minutos**, que se puidera poñer en escena, especificamente, **nun espazo non teatral**, entre o 5 e o 27 de outubro de 2024.

As propostas podían ser tanto pezas orixinais coma xa estreadas, aínda que **o xurado do certame** (composto por diferentes persoas relacionadas coas artes escénicas) **tería en conta a nova creación e, especialmente, a adecuación e a interacción cos espazos ofertados e a autoría propia**. Ademais, atendendo ao interese do FIOT nos proxectos e experiencias teatrais singulares que fan un **uso innovador de cultura dixital e a tecnoloxía**, tamén tivéronse en conta aquelas obras que empreguen medios dixitais.

Este seis pezas finalistas seleccionadas polo xurado, unha vez representadas, **recibirán unha compensación económica de 450€**. Ademais, todas as obras exhibidas serán valoradas polo público asistente mediante un sistema de votacións e optarán a **premios de 150€ á Mellor interpretación e ao Mellor Espectáculo**.

288 PROPOSTAS EXPERIMENTAIS RECIBIDAS EN OITO ANOS

Ao longo de este oito anos, o Certame de Micro-Escenas M² acadou un importante éxito en canto ás propostas recibidas, tanto polo seu número (288, sumando ás 44 pezas recibidas a concurso neste 2024) como pola calidade e diversidade das pezas; sendo quen de **suscitar o interese tanto de creadores individuais** coma de equipos (integrados por 3-5 persoas), da veciñanza ou mesmo dos axentes económicos, comerciais ou cidadáns de Carballo que colaboraron coa cesión de espazos. Na súa traxectoria, Metro Cadrado contou con funcións, entre outros puntos, nun lavadoiro municipal, no despacho do alcalde, nunha barbería, nas fiestras da Ludoteca Municipal ou mesmo no Salón de Plenos.



CONTACTO DE PRENSA FIOT

comunicacion@fiot.gal

Luisa Castiñeira (620 113 155) e Lucía Pita (675 404 321)

SALA DE PRENSA FIOT

<https://fiot.gal/sala-de-prensa/>